

IV SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

DA LOITA
POLA TERRA
Á LOITA POLA
DEMOCRACIA
DO AGRARIANO
Á GUERRILLA
ANTIFRANQUISTA



RIANXO
BOQUEIXON
SILLEDIA
OROSO
ORDES
FRADES

24, 25, e 26 de maio de 2013



<http://novahistoria.blogspot.com.es/2011/04/as-silenciadas.html>

Sábado, 2 de Abril de 2011

As silenciadas

Pablo Ces e Aurora Marco presentan un documental que recolle, a partir dunha investigación de catro anos, a historia das mulleres guerrilleiras

MONTSE DOPICO . SANTIAGO

"Para min foi un orgullo participar naquela loita. Fun varios anos enlace e despois pasei á guerrilla do monte, con armas e loitando coma eles. Non queriamos o fascismo, loitabamos pola liberdade, contra Franco. Os fascistas nunca nos poñerán no lugar que corresponde, sempre nos rebaixarán. As guerrilleiras eramos como todas as mulleres e nada tiñamos que ver coa imaxe que tiñan de nós. Sabiamos cal era a nosa loita. Eramos donas dos nosos actos e non tiñamos que darlle explicacións a ninguén". Así fala Consuelo Rodríguez López, Chelo, unha das protagonistas do documental As silenciadas, que se estreará o vindeiro día 8 na Domus da Coruña ás 20.30 horas.

O documental, dirixido por Pablo Ces, parte da investigación realizada pola profesora Aurora Marco sobre as guerrilleiras galegas, mulleres dobremente "silenciadas", esquecidas. "O papel das mulleres na guerrilla foi moito máis que a intendencia: facer a comida ou lavar a roupa dos guerrilleiros. Houbo mulleres que participaron nos combates, como Chelo, de Soulecin, (O Barco de Valdeorras). A maioría foron enlaces, guerrilleiras de chaira. A súa actividade foi fundamental para o movemento de resistencia antifranquista: levaban correos, enlazaban con outras persoas, avisaban por onde andaba a Garda Civil, conseguían armas... e expuxéronse moito por iso", salientou Marco, que reuniu nun libro aínda inédito a información que puido recoller sobre as guerrilleiras, principalmente a través de fontes orais e da revisión das causas dos consellos de guerra.

"Percorrín Galicia durante catro anos. Falei con fillas, netas, fillos, irmáns... pois a maioría delas xa non viven. En xeral, déronme moitas facilidades. É máis, moitas, coma Chelo, alédanse de que, por fin, se vai saber cal foi o seu papel na guerrilla", asegurou. Porque as mulleres adoitaban aparecer nos relatos da guerrilla como personaxes secundarios, acompañantes ou mesmo só familiares, amantes ou compañeiras sentimentais dos homes. "Agás Enriqueta Otero Blanco; a mitificada Manuela Sánchez, que nin sequera se chamaba así senón que se apelidaba López, e algunha máis, como Josefina Gallego, son mulleres descoñecidas. Moitas veces aparecen citadas sen sequera o apelido..." , engadiu.

Estas guerrilleiras estaban dobremente expostas, como loitadoras contra o franquismo e como mulleres. "Foron fusiladas, queimadas, aforcadas, afogadas no río, encarceradas, torturadas, deportadas, outras tiveron que exiliarse... E estiveron sometidas a permanente vixilancia aínda despois de saíren do cárcere", salientou Aurora Marco. A violación era, ademais, un dos xeitos de vexación que mellor reflectía o carácter patriarcal da represión que sufriron.

"Nas entrevistas non se fala de violación ata que a gravadora se apaga. Pero húboboas. O que che din as fontes é "fixéronlles de todo", explicou a investigadora. As mulleres guerrilleiras desafiaron non só os códigos políticos impostos polo franquismo, senón tamén os roles de xénero asumidos tanto polos represores como polos propios guerrilleiros. "Había mulleres comunistas, socialistas, republicanas con ideoloxía de esquerdas, e mulleres sen militancia política, pero cun compromiso ideolóxico. Eran mulleres do medio rural", lembrou.

Consideradas polo réxime como "bandoleiras", tamén os seus compañeiros amosaron prexuízos cara a elas. "Os estatutos da Federación" -refírese á Federación de Guerrillas de Galiza-León-, "prohibían que as mulleres subisen ó monte, a menos que estivesen en perigo. Unha discriminación de xénero..." , indicou.

"A loita da muller pola igualdade non era naquel momento unha prioridade, pois o máis importante era, claro, a loita pola liberdade. Ademais, había un modelo de ideal feminino que, malia que comezara a mudar coa República, volvera para atrás. Contra o que si se rebelan é contra a imaxe que ás veces se tentou dar delas como as amantes, queridas dos guerrilleiros", explicou.

"Chelo, que vive na actualidade en Francia, sempre se rebela contra iso. Ela aturaba, coma os homes, marchas de seis ou sete horas, cargaba co seu macuto, tiña a súa pistola, participaba nas discusións, nos combates..." , sinalou.



Manuel Rodríguez Suárez

(Nalgunha publicación figura Manuel Rodríguez Gundín).

A terceira acta de defunción coa mesma data que as anteriores (22 de abril de 1947), corresponde a "un home descoñecido" que aparenta uns 19 anos e do que se ignoran o resto dos datos; está asentada no tomo 37, folio 281, número 280. Certifica que a morte foi o día 21 de abril por "anemia aguda por hemorraxia interna". Entendemos que a hemorraxia interna foi causada por disparos de armas de fogo.

Os datos persoais que aparecen na acta son: "Traxe marrón, xerseí a cadros encarnados e azuis, camisa *kaki*, camiseta, pelo castaño escuro, ollos castaños, dentadura postiza e cun talle de un metro setenta. Pouco poboado de barba, calcetins de lá branca e outro par castaño".

Aínda que este cadáver non foi identificado na acta de defunción, sabemos que pertence a Manuel Rodríguez, alcumado *O Asturiano*. Formou parte do Destacamento Manuel del Río Botana da IV Agrupación.

Para coñecer con detalle o sucedido no Fontao de Abellá o día 21 de abril de 1947, á parte das fontes orais que se están perdendo, é preciso consultar a voluminosa Causa 200/47 aberta contra Manuel Suárez Gómez e 66 máis, a maioría veciños da zona acusados de colaborar dalgún xeito coa guerrilla antifranquista. A morte do líder Manuel Ponte e o procesamento masivo de veciños e veciñas supuxo a perda de enlaces, colaboradores e case o desartellamento da guerrilla na bisbarra de Ordes.

O falecemento en combate de Manuel Ponte, Manuel Díaz e Manuel Rodríguez é recordado por un grupo de amigos e amigas o último sábado de abril de cada ano. Arengas, música, poesía... percorren a eira da casa de Soledad do Fontao, o cemiterio de Abellá e a Berxa para non esquecer aos que morreron loitando contra a ditadura militar. Ao acto cívico, sen partidismos, acoden veciños do lugar, familiares dos falecidos, historiadores da memoria etc.

Testemuño oral

Durmían no pendello da casa de Soledad, no Fontao. Gardas civís do Peñasco, de Ordes, de Xanceda, de Curtis... rodearon a casa. Saían e caían mortos. Ponte foi o que máis aguantou... a uns catrocentos metros recibiu un tiro nun brazo... encasquetóuselle a pistola. No prado da Vila meteuse nunha pequena baixada e cando estaba sacando o cardador cos dentes matárono os gardas. Un dos do monte escapou polo rego. Era cedo, polas sete da mañá. Oín os disparos e co medo tireime pola ventá e corrín sen parar até a casa de Pérez de Barbeiros... agacháronme nunha hucha cun pouco unto por encima. Un veciño foi ver o que pasou no Fontao; de volta dixo que as cousas estaban moi negras. A Ponte e aos outros leváronos mortos nun carro até o cemiterio e foron enterrados na terra coma animais... moitos anos despois a familia de Ponte e de Díaz Pan desenterráronos e metéronos nun nicho... Uns días antes de morrer vin a Ponte e deume 5 pesos para que o domingo, feira en Ordes, lle comprase sobres de cartas.

concorda en todas as partes. Engaden que o seu nome é Manuel Díaz Pan de 29 anos de idade, carpinteiro, solteiro, natural de San Pedro de Nós, Concello de Oleiros e veciño dos Castros (A Coruña). Fillo de Manuel Díaz Rodríguez e de Carmen Pan Riobóo. Asínase a presente dilixencia o día 23 de marzo de 1947

Manuel Díaz Pan, alias *Rogelio* ou Casado, primeiro militou no anarquismo e despois no Partido Comunista. Membro do Destacamento Manuel del Río Botana da IV Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia.

O irmán de Manuel, José María Díaz Pan Jaime ou Jaimito, guerrilleiro antifranquista, tamén morreu violentamente. Natural do barrio dos Castros, na cidade da Coruña, estivo na guerra no bando sublevado e desertou para loitar no Exército republicano. Perdida a guerra, agachouse nun zulo na casa dos seus pais. Foi detido e obrigado a integrarse a filas. Desertou outra vez para combater ao lado de Francisco Rey Balbís M oncho. Abandonou a guerrilla por un tempo e volveu posteriormente. A súa morte non está clara e todo apunta a que foi axustizado polos seus compañeiros que o acusaron de desertor. Nun informe do PCE figura que o eliminaron por traidor.

Para coñecer algúns dos casos máis significativos de disidencias, depuracións, execucións... dentro da guerrilla a partir do ano 1945, onde o PCE impón ferreamente a súa disciplina, é imprescindible consultar o apartado *Traidores ou disidentes?* no libro *O Movemento Libertario en Galiza (1936-1976)* dos historiadores Eliseo Fernández e Dionisio Pereira. Do mesmo xeito, remitímonos ao libro de Víctor M. Santidrián *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)* para ter unha visión da organización e o control ideolóxico que os comunistas exerceron sobre o movemento guerrilleiro en Galicia.

LOS GUERRILLEROS DE LA IV AGRUPACIÓN QUEMAN EL AYUNTAMIENTO DE FRADES

...Entre las operaciones llevadas a cabo en los últimos días por los heroicos guerrilleros de la IV Agrupación, destaca por su importancia la que fue realizada en Frades...

...La víspera del día en que el plazo expiraba (de pagar la contribución) se presentó un grupo guerrillero en el pueblo y prendió fuego al ayuntamiento cuidando especialmente que quedara destruida toda la documentación referente a las contribuciones y cupos forzosos...

...Esta acción, que ha puesto a los falangistas en la imposibilidad de llevar a cabo la recaudación de las contribuciones,... ha sido... saludada con júbilo por los campesinos del lugar...

Francisco Díaz Pan, irmán de Manuel e José María, faleceu no ano 2009 e foi una testemuña excepcional daquela época para varios historiadores e interesados pola nosa historia máis oculta. Republicano e entusiasta do franquismo, asistiu cada abril no Fontao de Abellá aos actos de lembranza dos tres guerrilleiros falecidos.

Cando Manolo (Manuel Díaz Pan) marchou para o monte díxolle á nosa nai: mamá, se morro, non chero, non chero que chores por min. Así foi. Pedimos os permisos e chegamos a Abellá nunha camioneta coas caixas dos defuntos. Sacámoslos da terra para metelos no nicho... agarramos os ósos dos tres e a roupa padre... Aínda veu a Garda Civil meterse con nós... e miña nai non soltou unha bágoa.

O documental recolle seis historias. "Chelo; mulleres que axudaron os primeiros fuxidos como a familia Valle Valle; tres enlaces: Carmen Gérez e Clarisa Rodríguez e Carmen Rodríguez Nogueira, e Carmen Fernández Seguí".

DATOS

O perigo, razón para ir ó monte

Fuxir ó monte foi, primeiro, un xeito de sobrevivir á represión. Despois xurdiu a Federación de Guerrillas de Galiza-León, e logo o Exército Guerrilleiro de Galicia. As mulleres combatentes perteceron ás dúas organizacións, e houbo ata o final da guerrilla mulleres que fixeron de enlaces. "Investiguei a traxectoria dunhas doce guerrilleiras do monte, e dunhas 150 enlaces. Subían ó monte cando estaban en perigo, cando xa estaba claro que as ían coller", apuntou Marco. Chelo -Marco xa tiña unha publicación anterior sobre ela- e a súa irmá Antonia foron primeiro enlaces. Marcharon ó monte no 45, ós chozos da Cidade da Selva, en Casaio, na Serra do Eixe. Era un lugar de moi difícil acceso. Cando as descubriron, Chelo estivo agochada, ata que marchou a Francia", contou.

"Foron ocultas, ignoradas"

Aurora Marco, profesora na facultade de Ciencias da Educación de Santiago, publicou no ano 2007 un "Diccionario das mulleres galegas" que foi a orixe da súa investigación sobre as guerrilleiras. "Neste diccionario non quixen falar só de mulleres que adquiriron grande relevancia, como as artistas plásticas, escritoras... Así, incluí mulleres que desempeñaron distintos oficios, que rexentaron empresas, sindicalistas, exiliadas, guerrilleiras... Despois fun facendo investigacións máis especializadas", subliñou. O seu traballo sobre as exiliadas, -que presentará mañá nas xornadas "De Rosalía de Castro a nós", organizadas por Galiza Nova-, deu lugar a diversas actividades do Ano da Memoria, como unha homenaxe en Santiago ou unhas xornadas na illa de San Simón.

"As mulleres estaban silenciadas, ocultas, ignoradas. E agora, se non é polo traballo das asociacións e das persoas que traballamos a nivel particular, non habería nada xa de recuperación da memoria histórica. Porque ao actual goberno non lle interesa.", remarcou. O historiador Harmunt Heine recoñece a importancia das mulleres na guerrilla, como o fixeron, se cadra tardiamente, algúns guerrilleiros. O proxecto "Vermellas" tamén recolle a memoria dalgunhas, tal como se pode ver na web de Nomes e Voces.

Fuxir ó monte foi, primeiro, un xeito de sobrevivir á represión. Despois xurdiu a Federación de Guerrillas de Galiza-León, e logo o Exército Guerrilleiro de Galicia. As mulleres combatentes perteceron ás dúas organizacións, e houbo ata o final da guerrilla mulleres que fixeron de enlaces. "Investiguei a traxectoria dunhas doce guerrilleiras do monte, e dunhas 150 enlaces. Subían ó monte cando estaban en perigo, cando xa estaba claro que as ían coller", apuntou Marco. Chelo -Marco xa tiña unha publicación anterior sobre ela- e a súa irmá Antonia foron primeiro enlaces. Marcharon ó monte no 45, ós chozos da Cidade da Selva, en Casaio, na Serra do Eixe. Era un lugar de moi difícil acceso. Cando as descubriron, Chelo estivo agochada, ata que marchou a Francia", contou.



Familia de Consuelo Rodríguez López, 'Chelo', en O Barco de Valdeorras.



Antonia Rodríguez e Clarisa Rodríguez, violada e asesinada estando embarazada.



Carmen Fernández Seguí na cárcel de Segovia.



CENTRO DE INTERPRETACIÓN PICO SACRO CACHOSEIRANDE – LESTEDO - BOQUEIXÓN

destinado ao cárcere de Compostela. No mes de outubro do ano 1938 é trasladado, xunto con outros presos de Ordes, ao cárcere da Coruña, onde coincidiu co activista comunista Francisco Comesaña Rendo. No mes de maio do ano 1941 obtén a liberdade condicional e en agosto do 1942 a liberdade definitiva.

Axiña desenvolve labores de enlace da resistencia antifranquista e, ao verse acosado pola Garda Civil, dá o paso definitivo á clandestinidade onde comeza unha carreira ascendente: xefe do Destacamento Manuel del Río Botana e xefe da IV Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia no ano 1946. Durante este ano e o seguinte, Manuel Ponte converteuse nun auténtico líder da loita antifranquista, con accións e cun espírito político e militar que deron como resultado operacións espectaculares que deixaban en ridículo ao todopoderoso mecanismo represivo formado por gardas civís, brigadillas, militares, acusóns, cregos e caciques adeptos ao réxime ditatorial.

No mes de outubro do ano 1946 escíbelle unha carta ao embaixador inglés en España onde condena que as democracias europeas toleren e convivan coa ditadura franquista na nova Europa democrática sen fascismos que se está construíndo despois da II Guerra Mundial.

A vinganza das autoridades militares polas accións da guerrilla liderada por Manuel Ponte, non se fixo esperar. Maruja Rivas a súa muller, foi detida e deportada a Olmedo, Valladolid.

A confianza dunha partida de guerrilleiros e o forte control das forzas represivas da Garda Civil acabou nun enfrontamento no Fontao de Abellá o día 21 de abril de 1947. Xunto con Manuel Ponte Pedreira morreron Manuel Díaz Pan (*R ogelio*) e Manuel Rodríguez (*o Asturiano*), todos soterrados no cemiterio de Abellá.

A noticia da morte do carismático líder guerrilleiro espallouse por toda Galicia e chegou ao exilio americano. Políticos, escritores, presos, exiliados, poetas... escolleron a Ponte como exemplo da loita activa e organizada contra a ditadura.

Algunhas destas composicións poden lerse no libro de Xesús Alonso Montero *A guerrilla antifranquista. Ista e os guerrilleiros d e Galicia na voz dos poeta s*, editado polo Concello de Catoira no ano 2002.

Os músicos Mini e Mero, do grupo *A Quenlla*, compuxeron o *Romance de cego á caída de Manuel Ponte*, unha das pezas que integra o disco *Silencios na memoria*.

A *Associaçom Cultural Foucelhas* dirixiuse ao Concello de Ordes con varias sinaturas de apoio solicitando que no 2011, no que se fan cen anos do seu nacemento, se lle dedique “una rua em Ordes para Manuel Ponte

Pedreira, chefe da IV Agrupacom do Exército Guerrilleiro da Galiza” e, a ser posíbel, “a rua na que morou”, a chamada Avenida Alfonso Senra, dedicada a un represor. De feito ocupou altos cargos na administración franquista, formando parte do Tribunal de Responsabilidades Políticas.

Manuel Díaz Pan

A segunda acta inscrita o mesmo día que a anterior, tomo 37, folio 280, número 279 corresponde a “un home descoñecido” que representa uns 30 anos de idade e que faleceu na parroquia de Abellá o día 21 de abril do ano 1947. Segundo unha nota marxinal na acta, este cadáver sería identificado posteriormente como Manuel Díaz Pan, morto por “feridas de armas de fogo”.

Os seus datos persoais son: “Pelo negro, ollos pardos, co dedo medio da man dereita amputado pola segunda articulación. Viste chaqueta gris, xersei de lá azul con colo subido, camisa kaki e camiseta de lá. Pantalón de pana, botas fortes e calcetíns brancos”.

Hai unha dilixencia de rectificación onde o xuíz e o secretario de paz fan constar que logo de contrastar a certificación, que expediu o secretario do Xulgado de Instrución de Ordes, cos datos que constan na acta con referencia á inscrición da defunción practicada no xulgado do primeiro dos descoñecidos, mortos na parroquia de Abellá pola forza pública, en unión de Manuel Ponte Pedreira,

Antonio Recouso Boquete

A morte de Antonio Recouso Boquete o día 26 de xuño de 1946 está asentada un día despois do tomo 58, folio e número 360. Recouso, nado o día 7 de xullo de 1909, era fillo de Antonio Recouso del Río e de Rosa Boquete Villaverde. Estaba solteiro e vivía na “Avenida de Primo de Uzal, Cestaños, parroquia de Parada, debido á “destrución de sustancia nerviosa encefálica”. O seu corpo está soterrado no cemiterio de Ordes, onde se conserva a lápida, na que figura o ano 1947.

Durante a Segunda República, Antonio Recouso foi garda de asalto en Barcelona. Tras ser expulsado desta institución ao final da guerra, volveu á súa vila natal. Foi un efectivo enlace que morreu nun tiroteo cando decenas de gardas civís atacaron un grupo de guerrilleiros do Destacamento Manuel del Río Botana, debido á delación dun deles. Parece ser que o delator foi o guerrilleiro Claudio Díaz Milía, alias Manolete, que acusaron de estar infiltrado na guerrilla.

Algunhas testemuñas oráis afirman que Antón, o seu nome familiar, xa estaba plenamente integrado na guerrilla antifranquista cando o mataron.

A súa irmá Marina lembra:

Antón era garda de asalto da República en Barcelona, Cando as tropas de Franco tomaron a cidade quixérono fusilar, pero intercedeu un cura por el. Estivo malvivindo nunha pensión... e tivo que volver a Ordes, á casa dos seus pais que eran labregos. Non se afixo... en Barcelona tiña un soldo, unha formación, había liberdade... Aquí a Garda Civil andáballes encima... un día xuntouse cos do monte. Tiven dous irmáns, un a cada lado: José foi escolta de Franco e Antón foi cos do monte.

Un veciño de Ordes conta:

Cando Antón era enlace tiña medo... andaba con tino por se o pillaba a Garda Civil ou os falanxistas... un día deume un real para ir comprar o xornal á casa de Julián, creo recordar. Ao pouco tempo marchou para o monte e xa o mataron.


Manuel Astray Rivas, no seu libro *Síndrome del 36*, narra con detalle os feitos que acabaron coa vida de Antonio Recouso Boquete.

Manuel Ponte Pedreira

A primeira acta de defunción dun guerrilleiro en Frades é a de Manuel Ponte Pedreira, nado na parroquia de Abellá o 20 de agosto de 1911 e fillo de Andrés Ponte e Juana Pedreira. A data da inscrición é do día 22 de abril de 1947 e está anotada no tomo 37 sección terceira, folio 279, número 278. Como causa da morte anotase “feridas por arma de fogo”. Outros datos que constan na acta son que faleceu na parroquia de Abellá o día 21 de abril, que era xastre e que estaba casado con María Rivas Vaamonde, de cuxo matrimonio queda unha filla de nome Ma del Carmen, *Maruchi*.

Manuel Ponte Pedreira foi, posibelmente, o guerrilleiro máis importante da comarca de Ordes (e tamén do resto do país) debido á súa formación política, á súa loita irrenunciábel polas liberdades e ao seu espírito de líder carismático da guerrilla antifranquista da IV Agrupación.

Manuel Ponte Pedreira (coñecido dentro da guerrilla polos alcumes de *Negro*, *Pintor*, *Xastre*, *Miracielo*) comezou a súa formación política e profesional (xastre) ao lado do socialista Manuel Sousa Hermida en Ordes. Estaba vinculado ao partido Unión Republicana e participou activamente contra a sublevación militar; foi procesado por resistencia armada contra o Alzamento Militar de 1936 e



A GUERRILLA NA COMARCA DO DEZA

OS ACONTECEMENTOS DO 18 DE XULLO DE 1936 EN SILLEDA, PONTEVEDRA

ALBERTE MACEIRA

No caso do Concello de Silleda, podemos afirmar que houbo unha resistencia malograda, breve, non menos significativa, ao levantamento do exército do Xeneral Franco.

Nos días previos ao 18 de xullo, o alcalde Emilio Alonso Paz, recibe telegrama do gobernador da provincia de Pontevedra, o Sr. Acosta, indicando que algo se coce e que se faga cargo da Orde Pública. A pesar de contar con días de permiso outorgados pola corporación o alcalde republicano de Silleda, D. Emilio farase cargo da situación¹.

Do mesmo xeito, na Sociedad Unión Obrera de Ponte, sindicato formado esencialmente por obreiros do ferrocarril, afín á UXT, celébranse reunións nas que, Ramón Muíños Lorenzo -presidente da sociedade - manifesta: que se algo acontecera deberían achegarse con armas os que as tivesen e os que non, con aparellos de labranza.

O 19 de xullo co estouro do movemento crease o Comité de Resistencia. Está composto polo alcalde Emilio Alonso Paz, o tenente de alcalde Xosé Moreira Espi-

a “España” que se levantou contra a Segunda República... Como dicía Luís Pimentel... eu pensaba que nesta pequena vila non había asasinios.

Diego Salas Pombo era o xefe provincial da Falanxe da Coruña e íntimo amigo de Rafael Mariño, un home das dereitas e boa persoa. Mariño salvou a Pilar del Río de que lle rapasen a cabeza e, posibelmente, de que a matasen.

Había persoas da dereita, católicos, monárquicos... que non estaban de acordo coas barbaridades que facían os falanxistas, pero non dicían nada, porque tamén tiñan medo.

Manuel del Río Botana

A morte do enlace da guerrilla antifranquista **Manuel del Río Botana** está inscrita no tomo 58, folio e número 221 con data do 15 de maio de 1945. Faleceu aos 26 anos no lugar de Queis, na parroquia de Montaos debido a “fractura da base do cranio e perforación da farinx”. Era labrador, estaba solteiro, domiciliado no lugar de Sar (Ordes) e os seus pais chamábanse Constantino e Francisca. Está soterrado no cemiterio de Ordes.

Manuel del Río Botana xunto con outros membros da Fronte Popular, participou na defensa de Ordes contra as tropas alzadas. Recordamos que no consello de guerra aos de Ordes foi condenado a 12 anos e un día, aínda que saíu sen cumprir a totalidade da condena. Pouco despois contactou co grupo guerrilleiro de Manuel Ponte Pedreira, que xa coñecía polos sucesos de Ordes.

Morreu nun enfrontamento coa Garda Civil e converteuse no primeiro enlace morto na zona de Ordes a mans da Benemérita. Este suceso foi un dos motivos polos que, na súa memoria, Manuel Ponte fundou no ano 1946 o Destacamento Manuel del Río Botana, pertencente á IV A agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia.

Testemuño de María Penedo:

Esa noite estaban na casa do meu pai, Juan Penedo, tres guerrilleiros e mais o de Sar da Espenica. Aínda non había luz eléctrica e todo estaba ás escuras. Chegou a Garda Civil e os do monte colleron as armas. Houbo un tiroteo. Tres deles puideron escalar, pero o de Sar caeu na Canteira, había un furado... alí foi onde o mataron. Despois levárono encima dunha escada de madeira para a butilla da igrexa. No lugar onde morreu puxeron unha cruz de madeira e aparecían coroas de flores dicindo: “Corona de laurel mereces, Manuel”. Despois seica tamén aparecían no cemiterio de Ordes.

Aquela noite pasamos moito medo. Meu pai era enlace dos guerrilleiros e fuxiu para que non o collera a Garda Civil. Cachearon a casa e pegáronlle á miña nai... Como meu pai non se entregaba, desterráronnos para Soria. Fomos todos, miña nai Carmen e os catro fillos... leváronnos nun camión desde Ordes e entregáronnos á Garda Civil dunha aldea de Soria.

Por Montaos os Foucellas tiñan dúas casas seguras, a nosa (de Penedo) e a de Castro. Tamén ían a outras casas para que os veciños non acusaran uns aos outros... escollían casas que tiveran dúas portas, para poder escapar porque algúns vertedoiros aínda non tiñan ventás.

¹ Causa 49/37. Contra Emilio Alonso Paz y otros. Declaración de D. Emilio Alonso Paz. 01/10/1937.

A causa da súa morte foi unha “hemorragia interna por lesión muscular”; na descrición do cadáver figura: “Ben conformado, talle 1,70; pelo longo castaño claro e peiteado cara atrás. Ollos de cor azul claro con pestanas longas e poboadas. Dentadura completa e en bo estado. Vestía pantalón beixe de ante, calcetíns con escaso uso, calzón curto, camiseta de punto forte e un xerse granate novo”.

Nos días posteriores, o xuíz municipal de Oroso recibe un oficio do xulgado militar polo cal se comunica que o cadáver que figuraba como “descoñecido” foi identificado como Manuel Pardo Argüeso. Esta é a transcripción literal, só aclarar que *Trelles* é o alias ou alcume de guerra:

JUZGADO MILITAR EVENTUAL Nº 2
Avenida de Fernández Latorre
(Edificio de las Cigarreras)
Nº 78

Tengo el honor de poner en conocimiento de V.E. que el bandolero cuya partida de defunción figura registrada en el libro 33, folio 197 vuelta núm. 393 de ese juzgado, después de identificado por su fotografía resultó ser MANUEL PARDO ARGÜESO, (a) “TRELLES”, el cual según la partida de nacimiento que obra en autos nació en Bergondo el día primero de abril de 1.920, por lo que ruego que una vez hechas las anotaciones correspondientes, se digne comunicarlo a este juzgado para constancia en la causa núm. 42-48,

Dios guarde a V.E. muchos años.
La Coruña 14 de Septiembre de 1948
EL COMANDANTE JUEZ

Fosa común no cemiterio do Piñeiro

Varias fontes orais coinciden con Manuel Astray Rivas ao afirmar no seu libro *Síndromel 36* da existencia dunha fosa común no cemiterio do Piñeiro de Ordes.

Nos días e meses posteriores ao 18 de xullo dese ano, un número indeterminado de persoas foron asasinadas e soterradas nunha fosa na zona norte do cemiterio. Trataríase de persoas sepultadas no momento, polo que nin sequera existe acta de defunción. Son homes e mulleres que sacados forzosamente das súas casas e os seus familiares nunca máis deles souberon... onde os mataron, onde os enterraron... Non é preciso dicir que ninguén podía denunciar os feitos.

Manuel Astray Rivas escribe:

Los tiros fatídicos se disparaban en la pared norte del cementerio, en donde hoy precisamente se levanta el monumento al Soldado Lois. De la muralla hacia dentro se cavaron varias fosas en las que se tiraban cadáveres, todavía calientes y hasta se sospecha, que alguno con vida.

Varios informantes concordan:

A Garda Civil e os falanxistas eran os donos da vila... podían insultar, requisar, multar, mallar, meter medo, amargarche a vida ou matarte por nada. Cortábanlle o pelo ao cero ás mulleres para humillalas e mandábanas desfilas pola Alameda berrando ¡Arriba España!... esa era

ño, mais os concelleiros Daniel Sanchez Mallo, Antonio Valladares González e Antonio Costoyas Ares, apoiados polas sociedades *Unión Obrera de Ponte, Proescuelas de Bandeira*, e o *Sindicato Mineiro de Fontao*, tendo como centro de operacións a casa do concello².

As primeiras medidas adoptadas foron a requisa de varios vehículos, entre eles a camioneta de Manuel Ferreiro, así coma un aparato de radio propiedade da casa de Trabazo. Noméanse delegados por parte do comité de resistencia en Silleda, afíns á Frente Popular, con documentos asinados polo alcalde para proceder á requisa de armas e explosivos; cun dobre sentido na acción: por unha banda o desarme dos simpatizantes dereitistas; e por outra, a procura de armamento para as forzas populares que mais tarde irían a Pontevedra en defensa da capital da provincia de mans dos sublevados militares. De seguido, acordan requisar da polvoreira de D^a Matilde Ríos Neira de 1 kg de dinamita, 1741 balas e 4.032 cartuchos de caza, supervisando esta operación por Arturo Pérez Lázara e Segundo Arceo³.

Comunícase a Folga Xeral por parte das Sociedades e mais o Comité de Defensa. A creación de piquetes por parte dos mesmos, entumecen a actividade comercial de Silleda, concentrándose fronte á casa do concello.

Na Bandeira os membros da Sociedad Proescuelas colaboran coas directrices estratéxicas do comité. Participan na requisa dun automóbil e de armas nas parroquias de Manduas, Lamela, Dornelas, Abades, etcétera. Como curiosidade, na casa de D. José Villares Lamela, xuíz municipal e fervente monárquico, establécese particularmente, un sistema de seguridade composto polos seus empregados perante: *el temor y las amenazas por parte de los elementos revolucionarios marxistas del pueblo*. A este xuíz, criticárono porque o seu nomeamento verificouse ao máis puro estilo caciquil.

O 20 de xullo sae dende o concello de Silleda, cara a Pontevedra, unha camioneta conducida por Xosé Fondevila García, máis coñecido polo comunista de Bermés, cunha trintena de homes armados⁴, acompañando Arturo Pérez Lázara e Xosé Moreira Espiño a expedición miliciana que viña dende Lalín. Ao chegar ás inmediacións de Pontevedra son advertidos de que se van atopar cun exército plenamente armado. Oíanse os hidroavións da escola naval de Marín sobrevoar Pontevedra. Esta advertencia frustraría a expedición. De volta son esperados pola Garda Civil e membros de Falanxe.

² FERNANDEZ SANTANDER, C. *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia*. Ed. do Castro. 2000. p.305.

³ Causa 49/37. C.Emilio Alonso Paz. Declaracións.

⁴ IGREXAS RODRIGUEZ, M. idem.

Na madrugada do 21 de xullo abandonan o concello Emilio Alonso Paz, Antonio Costoyas Ares sendo Daniel Sanchez Mallo o último en fechar a porta baixo a mirada atenta dos membros da Falanxe. Pouco mais tarde, o comandante de posto da garda civil toma a casa consistorial na compañía do falanxista Julio Otero Soto e os veciños Marcelino Fernández, Manuel Varela Freire e Julio García Vázquez⁵.

Chega o desconcerto, situación da que Ramón Valenzuela fai unha interesante análise na súa novela autobiográfica “Non agardei por ninguén”, na que se poden identificar membros da Frente Popular como Xosé Parga Ansedes por boca do Anse-de, a Manuel Parga Díaz por “O Díaz”, Ouzande de Abades por “O Varela” e Felino Costoyas por “O Fiz de León”; veciños de parroquias próximas á vila da Bandeira⁶.

Pois ben, o desconcerto político municipal, finaría co nomeamento inmediato do novo delegado da orde pública Manuel García Cerviño, veciño de Rellas. Precursor da etapa franquista en Silleda⁷.

Logo do golpe de estado do Xeral Franco, inician os atestados por parte da Garda Civil en Silleda, sempre apoiados polos informes dos que se uniron á Falanxe. Comezan as detencións. Algúns nin sequera chegan ao cárcere, instalado nos baixos da casa do concello, como é o caso de Xosé Rilo Buxán do lugar de Vilaverde, Manduas; integrante do Grupo Galeguista de Abades, torturado e asasinado o 15 de agosto de 1936⁸. Os detidos sucédense. Abondan máis de corenta encarcerados no cárcere de Silleda.

Dous meses máis tarde, trasladan os presos de Silleda á Prisión Provincial de Pontevedra. A Ramón Muñíos Lorenzo (Presidente da Sociedad Unión Obrera de Ponte), aplícanlle a *lei de fuga*, no traslado a Pontevedra.

Prodúcese a detención de Ramón de Valenzuela xunto co seu curmán Carnero Valenzuela. Ramón, nun intento de levantar o ánimo dos republicanos silledenses, diríxese aos que alí estaban recluídos, manifestando: *debedes estar tranquilos pois, terán que baldeirar os cárceres, para mete-los a todos eles dentro*⁹.

5 Causa 49/47. Declaración do falanxista, Julio Otero Soto, natural da parroquia de Pazos, Silleda.

6 Carta de Xosé Parga Ansedes a Remigio Balboa Iglesias. Buenos Aires 1958. Arquivo familiar Remigio Balboa.

7 FERNANDEZ SANTANDER, C. *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia*. Ed. do Castro. 2000. p.305.

8 Entrevista Emilio Rilo.

9 Referencia de Fidel Costoyas.

Tiroteo na taberna de Domingo en Oroso co resultado de dúas persoas mortas: un militar e un guerrilleiro

O día 8 de xaneiro do ano 1948 produciuse un tiroteo no bar de Domingo, no lugar da igrexa de Oroso co resultado de dúas persoas mortas: o brigada do Rexemento de Artería **Juan Raña Martínez**, que faleceu no momento dos feitos, e o guerrilleiro antifranquista **Manuel Pardo Argüeso**, (a) alias *Trelles*, morto horas máis tarde a consecuencia das feridas.

Segundo a Causa 42/48, na noite do día 8 estaban na taberna Domingo Bermúdez Gómez, dono do establecemento; Juan Raña Martínez, brigada; Antonio Cotos Gómez, cura; Andrés Sexto Sánchez, veterinario municipal; Isidro García Rodríguez, delegado local de abastos e outros veciños.

Unha partida de guerrilleiros procedentes da zona da vía do tren, pasan a rentes da igrexa de Oroso e dous deles entran, pistola en man, no comedor da taberna berrando: “Nadie se mueva, manos arriba todo el mundo que aquí están los guerrilleros y los quemamos (a tiros)”.

Segundo o relatorio da causa, o brigada do Exército sacou a súa pistola e produciuse un cruce de disparos entre este e os dous guerrilleiros. O brigada caeu ao chan ferido de morte e un dos guerrilleiros recibiu varios impactos, caendo tamén ao chan. No tiroteo resultou ferido nunha perna o veterinario municipal e varios proxectís incrustáronse nos pipos de viño e noutros utensilios do local. Ao rematar o tiroteo, outro dos guerrilleiros que estaba no exterior, obrigou a dous paisanos a retirar o corpo ferido do guerrilleiro, que foi encontrado morto nun monte próximo. Tamén figura na causa que fóra do bar de Domingo se encontraban outros “bandoleiros” dos que se descoñecía tanto o número como a identidade.

Juan Raña Martínez

O brigada do Rexemento de Artería n° 48, Juan Raña Martínez morreu o día dos sucesos. Segundo a acta de defunción que figura na Causa 42/48, tiña 33 anos, era natural de Marantes (daquela, Concello de Enfesta) e estaba casado con Pilar Bermúdez Espiñeira. Como causa do falecemento figura “hemorragia interna”. As súas cinzas están nun nicho do cemiterio de San Martiño de Oroso. A morte do brigada Juan Raña causou un grande impacto en medios civís e militares, publicándose a noticia, de forma discreta, no xornal *La Voz de Galicia*, acompañada de varias necrolóxicas. As autoridades militares recalcan que morreu “heroicamente, no cumprimento do seu deber”.

Segundo testemuñas orais, a morte do brigada foi una coincidencia, xa que os guerrilleiros non tiñan intención de matar a ninguén. Varias fontes apuntan que un deles era Antonio Nouche Costa, o *Soldado de Deixebre*, que estaba buscando un “funcionario” do Concello de Oroso que tivera un enfrontamento verbal co seu pai. Erroneamente pensaron que esta persoa estaba no comedor, xunto co veterinario, o crego, o delegado de abastos etc.

Manuel Pardo Argüeso

O guerrilleiro antifranquista **Manuel Pardo Argüeso** *Trelles* inicialmente, consta no Rexistro Civil de Oroso como “descoñecido”, aínda que días despois foi identificado. Todo parece indicar que faleceu unhas horas despois do tiroteo e que o seu corpo foi abandonado nun monte próximo polos seus compañeiros de partida.

Anótase na acta de defunción que o corpo corresponde a unha persoa dunha idade aproximada de 28 a 30 anos. Inscrito con data do 10 de xaneiro de 1948. Tomo 33, folio 198, número 393; aínda que faleceu o día 8 do mesmo mes e soterrouse no cemiterio de Oroso.